

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS PARA A REALIZACIÓN DE XORNADAS SOBRE O BAILE COMUNAL "O SERÁN DESTA ALDEA" E XI XORNADAS ARREDOR DA MÚSICA TRADICIONAL

Dunha parte, Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Xoan Manuel Tubío Fernández, na súa calidade de presidente da Asociación de Gaiteiros Galegos, con CIF G15208358, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Asociación de Gaiteiros galegos é unha asociación sen fin de lucro que ten entre os seus obxectivos: o estudo, fomento e divulgación da cultura da gaita galega; a



defensa e dignificación da gaita galega e da figura do gaiteiro; a posta en valor diante da sociedade da música tradicional galega; a representación de todos os gaiteiros e músicos tradicionais asociados; promover nas distintas administracións públicas a necesidade de normalizar a presenza da música tradicional galega en todos os ámbitos; organización de actividades que dignifiquen a música tradicional (festivais, xornadas, concursos..); recuperación e divulgación da música.

A Asociación de Gaiteiros Galegos continuará un ano máis coa súa labor de promoción e difusión da cultura tradicional, a través da realización de actividades nas distintas provincias galegas, potenciando a participación da cidadanía e programando actividades abertas e dinámicas para todos os amantes da cultura tradicional e para a poboación en xeral.

Neste ano 2023 a Asociación desenvolverá Xornadas sobre o baile comunal "O serán desta aldea" e a XI Xornadas arredor da música tradicional.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Gaiteiros Galegos para a realización de Xornadas sobre o baile comunal "O serán desta aldea" e a XI Xornadas arredor da música tradicional.

Xornadas sobre o baile comunal "O serán desta aldea"

Ata ben entrados os anos sesenta do século XX, nunha ampla zona do interior da provincia de Pontevedra que abrangue os Concellos de Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Mondariz, Pontecaldelas, Soutomaior, etc., a xente das aldeas organizaba, pasada a tempada de verán, pequenas festas comunais que favorecían o achegamento e a diversión entre mozos e mozas. A persecución á que foron sometidos os seráns durante toda a posguerra, sumado ao expansionismo cada vez maior do transporte, que facía que a mocidade se puidera desprazar aos bailes da vila, fixeron que os seráns foran esmorecendo ata a súa total desaparición na década de 1960. Foi a comezos dos anos 90, cando da man duns poucos veciños do sur de Pontevedra, foron reunindo a persoas que, impulsados pola paixón pola nosa cultura tradicional decidiron revivir aqueles antigos seráns. O potencial do novo auxe dos Seráns foi tal, que ata día de hoxe medrou de xeito exponencial a cantidade de lugares onde se celebran, moitos mesmo baixo grandes carpas e con masivas



participacións, feito que ás veces, unido á inclusión de instrumentos e músicas alleas, contribúe negativamente ó espírito dos mesmos. Por iso, dende a Asociación de Gaiteir@s Galeg@s considérase de vital importancia comezar unha labor de posta en valor dos mesmos baseándose en tres puntos fundamentais:

- Somos se cadra a última xeración que temos a sorte de ter contacto directo coa xente que, dende hai case un século, trouxo vivo ata nós este legado cultural de tanto valor e que nos caracteriza como pobo, con tradicións e cultura propios. E é a nosa obriga darlle voz a esa xente en recoñecemento polo sementado e polo que está por sementar.
- Como receptores dese legado, temos a obriga de conservalo coa pureza que nos foi dado. O serán é un reflexo da nosa identidade social e cultural.
- Preténdese como inicio desta posta en valor, organizar anualmente unhas xornadas sobre os seráns, non só para desfrutar da música e do baile senón tamén como escenario de conferencias, obradoiros, mesas redondas e/ou coloquios sobre a súa temática.

X Xornadas arredor da música tradicional

A través desta actividade amosarase a riqueza existente na nosa cultura tradicional e incidirase na importancia que teñen os traballos de investigación realizados neste campo para poder coñecer, afondar e transmitir as nosas tradicións.

Así mesmo, este encontro servirá para amosar outros aspectos da nosa tradición da man dos mellores músicos, etnomusicólogos, especialistas e estudosos da materia. Actividades deste tipo son precisas tanto para a xente implicada na música tradicional, como para o resto da poboación, xa que nelas traballase arredor da riqueza cultural existente en Galicia dunha maneira aberta, chea de contidos e na que se pode participar de xeito activo nos distintos debates, presentacións, obradoiros e relatorios.

O obxectivo destas xornadas é analizar a situación da música tradicional na actualidade e a súa evolución no tempo, poñendo en contacto a persoas achegadas dun ou doutro xeito á cultura tradicional.

Orzamento:

Ponencias, obradoiros, mesas redondas e/ou concertos das Xornadas sobre o baile comunal "O serán desta aldea" e Xornadas arredor da música tradicional	3.000 €
--	---------



Publicidade, divulgación (material publicitario, gravación, montaxe e edición de videos, difusión...).	1.000 €
Gastos apoio técnico, xestión e organización (alugueiro equipos, correos, teléfono, nóminas do persoal da asociación e seguridade social, etc.)	2.000 €
Total	6.000 €

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representan estas xornadas na cultura de Galicia, e a Asociación de Gaiteros Galegos, que aglutina a maior parte dos músicos tradicionais de Galicia, a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2023, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Asociación de Gaiteros Galegos

A Asociación de Gaiteros Galegos comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Asociación deberá dar cumprimento das obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



A Asociación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Asociación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a aboar a cantidade de 6.000 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

10.04.432B.481.2(proxecto 2015 00372) : a cantidade de 2.000 €

10.04.432B.781.1 (proxecto 2015 00372): a cantidade de 4.000 €

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (6.000 €: 2.000 € no capítulo 4 e 4.000 € no capítulo 7), a achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades diminuírase proporcionalmente.



Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2023.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Asociación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Nesta memoria deberase indicar o número de actividades realizadas, o público asistente e o impacto en medios de comunicación (tanto escritos como dixitais), acreditando dita difusión.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.



- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2023, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta



No caso da achega con cargo á aplicación 10.04.432B.481.2, 2.000 €, a asociación poderá solicitar pagos anticipados de ata o 80% como máximo, segundo o disposto no artigo 63.1.1 do Regulamento de subvencións de Galicia; neste caso o importe máximo que poderán solicitar será de 1.600 €.

No caso da achega con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.432B.781.1, 4.000 €, a asociación poderá solicitar pagos anticipados de ata o 50% como máximo segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia; neste caso o importe máximo que poderán solicitar será de 2.000 €.

No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Asociación tamén poderá solicitar pagos a conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 4.800 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e polo presidente da Asociación de Gaiteiros Galegos.

SÉTIMA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes



aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación de Gaiteiros Galegos acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas



entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia



O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2023.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades O presidente da Asociación de Gaiteros Galegos

Román Rodríguez González

Xoan Manuel Tubío Fernández

